

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, xerente (escusa a non asistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, xefa da sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉS DE EMPRESA

Manuel Marcos García (Pontevedra – CCOO) (escusa a non asistencia). Asiste no seu lugar

Marisa Magaz Ledo

Luis Pérez Gómez (Ourense - CIG)

Ángel Torreiro Varela (Pontevedra – UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

Xoán Cebro Rodríguez (CIG, non asiste)

Mónica Méndez López (UXT)

M^{ra} José Ríos Santomé (CIG)

Acta da reunión celebrada ás 11:00 horas do 16 de xullo de 2014, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 7 de novembro de 2013.
2. Proposta de convocatoria de ampliación de lista de espera para as categorías de Técnico Superior de TIC, Técnico Medio de TIC e Técnico Especialista de Animalario.
3. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 7 DE NOVEMBRO DE 2013.

Apróbase a acta por unanimidade.

2. CONVOCATORIAS DE AMPLIACIÓN DE LISTA DE ESPERA PARA AS CATEGORÍAS DE:

TÉCNICO SUPERIOR DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

TÉCNICO MEDIO DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

TÉCNICO ESPECIALISTA DE ANIMALARIO.

O vicexerente de Recursos Humanos explica que no ano 2008 realizárase unha convocatoria para ampliar a lista de espera previa de Técnico Superior TIC, que na actualidade

está tamén esgotada, posto que a pesar de que figuran algúns integrantes como “dispoñibles”, en realidade se atopan contratados noutras categorías.

No canto á categoría de Técnico Medio TIC, nunca existiu lista de espera, polo que se fai necesaria dispor dela.

En ambas categorías as probas e os temarios están acordados co anterior e co actual Director dos Servizos Informáticos.

Polo que respecta á convocatoria de Técnico Especialista de Animalario, indica que son necesarias como dotación mínima para o animalario, xunto co veterinario (convocatoria xa concluída). Se ben ata o actual real decreto na F. de veterinaria de Lugo se impartía formación para este tipo de persoal, nestes momentos continua o parón e nin a Xunta nin o Estado regularon nada, polo que tampouco se imparte esta formación. A cambio, mentres é posible que os técnicos especialistas poidan traballar baixo a tutela do veterinario. Aínda que non se prevé que o animalario estea en funcionamento ata o próximo ano, convén realizar a convocatoria xa para dispor de lista de espera no seu momento.

Os representantes dos comités formulan as seguintes cuestións:

1. Por qué na lista de espera de TSTIC figuran persoas como “dispoñible”, e sen embargo a lista está esgotada.

2.- En relación coas convocatorias da área TIC: por qué se establece a realización dunha única proba e non se indica o número de preguntas que a compoñen.

3.- En relación coa convocatoria de TE de Animalario por qué consta de dúas probas, por qué non se indica un número de preguntas de reserva, propoñendo que sexan 5 como como ben sendo habitual neste tipo de convocatoria.

4.- Cómo se valorará nas convocatorias de TIC o traballo desenvolvido por aqueles traballadores fixos que o están desempeñando en base a unha resolución reitoral sen pertencer á lista de espera. Tamén plantexan a dúbida de qué se considera “categoría equivalente” na praza de Técnico Especialista de Animalario.

Contestando a primeira pregunta formulada, Margarita González e José Fernández Viña, indican que as persoas que figuran como “dispoñibles” na lista de TSTIC están contratadas pola universidade noutra categoría, por figurar simultaneamente noutras listas de espera, e dado que lle corresponde o dereito de opción, polo tanto hai que lles realizar ofertas por seguir estando dispoñibles. Coinciden en que esta clasificación pode levar a erro ao consultar a lista e animan a que se fagan propostas que melloren a xestión.

O vicexerente de Recursos Humanos explica que tanto o antigo coma o novo Director dos Servizos Informáticos consideran axeitado a realización dunha soa proba para demostrar as habilidades requiridas nestas categorías na área TIC. Mentres que para a categoría de TE de Animalario considerouse necesario realizar unha proba teórica e outra práctica, mediante a que verificar as competencias das persoas candidatas.

As partes expoñen e debaten os seus argumentos sobre as restantes cuestións, acordando:

- Incluir cinco preguntas de reserva na convocatoria de TE de Animalario.

- No apartado de experiencia das prazas TIC, so se valorarán os postos desempeñados con carácter definitivo, únicos servizos que se recollerán no correspondente certificado que se emita aos participantes nas convocatorias. Nas tres convocatorias se especificará que só se valorarán os postos desempeñados na mesma categoría obxecto da convocatoria.

José Fernández Viña informa de que no temario de TE de Animalario é preciso retocar e concretar as referencias normativas.

As representantes da Xunta PAS indican que detectaron incorreccións ortográficas e lingüísticas na redacción e José Viña insta a que envíen por correo electrónico as correccións e suxestións que consideren axeitadas.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Luis Pérez solicita que, cando se comproba a dispoñibilidade dos integrantes das listas de espera, para non crear falsas expectativas de traballo, non se estenda máis alá de tres ou catro persoas con respecto á última que se podería contratar.

Ángel Torreiro formula varias preguntas:

- Se a Xerencia ten decidido convocar novamente un proceso de ampliación de lista de espera de Técnico Superior de Calidade, dado que do anterior non resultou ningunha lista; o vixerente resposta que o tratará co novo Director da Área de Calidade.
- Se na convocatoria de TE de Animalario hai que superar as dúas probas para formar parte da lista de espera; Margarita González resposta que na convocatoria se establece claramente que as dúas probas son eliminatorias, polo que a resposta é afirmativa.
- Se a Xerencia ten decidido convocar a ampliación da lista de espera de TE de Calidade Ambiental e Histoloxía, xa que a persoa contratada leva bastante tempo en situación de IT e non existe lista; o Vixerente indica que seguramente se ampliará, unha vez que o director da ECIMAT lle faga chegar a necesidade da mesma.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12:30 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.